



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA
E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA

MODIFICACIÓN PARCIAL DA BASE 6^a.4

As transferencias de crédito entre aplicacións orzamentarias pertencentes a distintos centros de gasto, programas e/ou capítulos deberán tramitarse a través das correspondentes modificacións orzamentarias. *Tales expedientes de modificación orzamentaria serán autorizados e aprobados polo vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica.* En todo caso, estas transferencias axustaranse ao disposto na base 9^a.

Dentro do mesmo capítulo, as modificacións orzamentarias entre centros de gasto e programas diferentes consideraranse transferencias de crédito e deberán ser autorizadas polo vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, logo de solicitude razoada formulada polo responsable do gasto. En ningún caso será posible a transferencia de máis do 25 % do crédito inicial entre aplicacións pertencentes a diferentes programas de gasto.

Excepcionalmente, poderase solicitar autorización para realizar modificacións orzamentarias de ata o 50 % do crédito inicial entre o programa 300C "Centros" e 122B "Bibliotecas".

MODIFICACIÓN PARCIAL DA BASE 10^a "LIMITACIÓNS"

No programa de gasto 300C "Centros", non será posible a redistribución ou transferencia de máis do 50 % do crédito inicial desde o concepto 212 "reparacións, mantemento e conservación de edificios e outras construcións" a outros conceptos non pertencentes ao artigo 21 "Reparacións, mantemento e Conservación" do programa ou doutros programas de gasto. *En consecuencia, esta limitación non afecta ás modificacións de créditos entre o concepto 212 e o resto dos conceptos do artigo 21.*